

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de setembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTAS ANTERIORES

Dada conta dos borradores das actas das sesións extraordinarias dos días 3 de setembro de 2024 e 13 de setembro de 2024, foron aprobados por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 10 de xuño de 2024 (RE-E núm. 326), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DE TELECONTROL NA LMT LAL811 E SUBSTITUCIÓN DE APOIOS
LUGAR	A ERMIDA
PARROQUIA	CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A088002590000PU 36047A088113890000PP
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Separata do proxecto redactada polo graduado en enxeñería eléctrica Don Rubén Fervenza Nicolás, en data 18/11/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	22.870,17 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/09/24)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 12/09/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CATROCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (457,41 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN” – EXPEDIENTE NÚM. PASS-O 3/2024***

#### **ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”, na reunión celebrada o día 13 de setembro de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas

presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	53.432,39 €	49,36	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	69,36
MISTURAS S.A.	██████	53.226,69 €	51,27	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	71,27
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	50.131,20 €	80,00	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	100,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	57.563,04 €	11,02	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	31,02

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
MISTURAS S.A.	██████	71,27
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	69,36
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	31,02

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dadas as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para contratar nas inscricións da sociedade Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de

conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRIPCIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRIPCIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 41.430,74 €

IVE: 8.700,46 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cincuenta mil cento trinta e un euros con vinte céntimos (50.131,20 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

#### **4.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO” (EXPEDIENTE PAS-O 4/2024)**

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “*Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego*”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “*Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego*” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: José Luís Camiñas Vázquez, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

#### **5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”**

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes que, por resolución de data 07/06/24, a Dirección Xeral de Administración Local concedeu unha subvención ao Concello, por importe total de 50.314,38 €, para o proxecto denominado “*Adquisición de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural*”, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa a *“medio ambiente urbano”* e *“prevención e extinción de incendios”*, segundo o establecido no artigo 25.2 b) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL; así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local con cargo á subvención referida.

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación do contrato de subministro de *“ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”*, de conformidade coa memoria explicativa que obra no expediente, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

## ***6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE VILELA***

VISTO o escrito presentado por Dona Carina Cambeiro Ouro, na presentación da ASOCIACIÓN DE FESTAS DE VILELA, con CIF núm.

██████████ e con domicilio social no lugar de Vilela, parroquia de Vilela (RE núm. 1511, do 16/09/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Vilela celebradas os pasados días 13 e 14 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## 7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 253,86 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/1235 e 24A/1234 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 461,00 €  
Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. S24/072921 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 18,03 €  
Por subministro de diverso material de limpeza para o Concello, s/factura núm. 13482.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-I4DD-004759 e 28-I4DD-043093 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.418,56 €  
Por seguro anual do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 75202419900020006801 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 904,00 €  
Por taxa polo servizo de recollida de animais abandonados no ano 2024, s/cargo.

- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 1.149,50 €  
Por traballos de limpeza de edificios e instalacións municipais durante as vacacións do persoal municipal, s/factura núm. 24/849 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 65,78 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- FERRODEIRO S.L. 1.870,83 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001990.
- NEW CENTER BAZAR MODA S.L. 7,90 €  
Por subministro de diverso material para o programa municipal “Rodeiro Activo”, s/factura núm. 2200.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 4.337,51 €  
Por diversas reparacións en vehículo municipal, s/factura núm. C 10603.
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 607,52 €  
Por subministro de cloro e produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. A/125921 (FACe).
- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 442,56 €  
Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello, s/factura núm. A/36.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 23,90 €  
Por subministro de fertilizantes para zonas verdes municipais, s/factura núm. 34217.
- COSAPLAG S.L.U. 135,08 €  
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20242785 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 1.695,11 €  
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20242891 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.190,95 €  
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10602.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.338,48 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de agosto de 2024, s/factura núm. FA – 1717.
- ALBA VARELA DIÉGUEZ 200,00 €  
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de decoración do Nadal, s/factura núm. T490.
- ALBA VARELA DIÉGUEZ 90,00 €  
Por sorteo de premio na iniciativa “Rodeiro de tapas 2024”, s/factura núm. T483.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 114,95 € E 90,75 €  
Por confección de roll-up e lona para a iniciativa “Sabor Labrego”, s/facturas núm. A/240137 e A/240154.
- CONSTRUCCIONES VOCES CHANTADA S.L. 1.339,47 €  
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 36 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.186,77 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041286941 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 1.194,89 €  
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000043 (FACe).

- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 6.957,50 €  
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Arcas, Outeiro e A Torre (Guillar) e Calque, s/factura núm. 2024/29 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)